



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias marzo 2021**

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2021

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo do ano 2021 acadou a cifra de 998.733 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de febreiro de 2021 de 4.704 afiliacións (0,47%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.920.902, rexistrando unha subida do 0,38% con respecto ao pasado mes de febreiro.

Na comparativa interanual (marzo de 2021 con marzo de 2020) obsérvase unha diminución de 3.890 afiliacións no total do sistema en Galicia (-0,39%) e unha diminución do 0,45% (85.858 afiliacións) no conxunto estatal. As comparacións con respecto ao ano pasado non son moi representativas debido ao forte impacto que a pandemia da COVID tivo no mercado laboral na segunda metade do mes de marzo de 2020.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando principalmente a que se produce en Illes Balears (cunha taxa superior ao 1,50%), mentres que Andalucía é a que menos crece (cunha taxa por debaixo do 0,10%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en doce das dezasete comunidades autónomas. Os descenso máis acusados prodúcense en Illes Balears (-7,13%) e Canarias (-3,30%), mentres que aumentan as afiliacións en Castilla La Mancha e Murcia, pero quedándose por debaixo do 2,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>18.920.902</b>	<b>70.790</b>	<b>0,38</b>	<b>-85.858</b>	<b>-0,45</b>
<b>Galicia</b>	<b>998.733</b>	<b>4.704</b>	<b>0,47</b>	<b>-3.890</b>	<b>-0,39</b>
Andalucía	3.097.039	1.766	0,06	12.321	0,40
Aragón	563.890	1.851	0,33	-3.985	-0,70
Asturias	357.802	1.450	0,41	-1.724	-0,48
Illes Balears	419.498	6.263	1,52	-32.197	-7,13
Canarias	771.875	3.449	0,45	-26.302	-3,30
Cantabria	214.842	1.893	0,89	575	0,27
Castilla La Mancha	705.869	1.380	0,20	11.823	1,70
Castilla y León	899.595	3.053	0,34	-6.402	-0,71
Cataluña	3.376.137	16.898	0,50	-23.651	-0,70
Comunitat Valenciana	1.892.879	4.075	0,22	-4.172	-0,22
Extremadura	386.948	1.908	0,50	3.611	0,94
Madrid	3.222.511	12.684	0,40	-4.480	-0,14
Murcia	598.935	4.986	0,84	8.211	1,39
Navarra	285.915	818	0,29	-1.042	-0,36
País Vasco	955.061	3.289	0,35	-12.328	-1,27
La Rioja	127.548	145	0,11	-688	-0,54
Ceuta e Melilla	45.826	180	0,39	-1.537	-3,25

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones dende o informe de febreiro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas, agás en Pontevedra. Lugo é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -1,24%, o que supón 1.502 afiliacións menos, seguida de Ourense (-0,82%), A Coruña (-0,47%) e, por último, Pontevedra (0,14%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do mes de febreiro de 2021, rexistrouse en Galicia unha subida do 0,47%. Todas as provincias amosan datos positivos, sendo A Coruña a que máis crece (0,61%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	428.803	2.580	0,61	-2.038	-0,47
LUGO	119.205	562	0,47	-1.502	-1,24
OURENSE	100.516	426	0,43	-834	-0,82
PONTEVEDRA	350.209	1.136	0,33	484	0,14
<b>GALICIA</b>	<b>998.733</b>	<b>4.704</b>	<b>0,47</b>	<b>-3.890</b>	<b>-0,39</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>18.920.902</b>	<b>70.790</b>	<b>0,38</b>	<b>-85.858</b>	<b>-0,45</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,2% das afiliacións galegas en marzo de 2021, aumentaron un 0,48% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 0,40%. En España estas taxas foron do 0,35% con respecto a febreiro de 2021 e do -0,69% en relación ao mes de marzo de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,1%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,48%) amosa a taxa de variación interanual máis negativa, e Pontevedra (0,61%), a taxa máis positiva. O descenso medio da comunidade galega sitúase entón no -0,12%. Para este réxime e con respecto ao mes de febreiro de 2021, soben todas as provincias, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,28%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (0,77%) e intermensual (0,47%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a marzo de 2020, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a caída que se produce en Lugo (-4,41%). A taxa galega acada entón o -2,63%, sendo superior á de España (-3,16%). Con respecto a febreiro de 2021, atopamos a maior taxa en A Coruña (4,72%) e a menor en Lugo (-0,83%). A taxa galega amosa así un aumento do 2,27% con respecto a febreiro de 2021. A taxa nacional é do 2,93%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MARZO 2021	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	428.803	0,61	-0,47
LUGO	119.205	0,47	-1,24
OURENSE	100.516	0,43	-0,82
PONTEVEDRA	350.209	0,33	0,14
GALICIA	998.733	0,47	-0,39
ESPAÑA	18.920.902	0,38	-0,45
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	338.509	0,61	-0,56
LUGO	84.739	0,61	-1,10
OURENSE	77.240	0,50	-0,86
PONTEVEDRA	270.297	0,26	0,15
GALICIA	770.785	0,48	-0,40
ESPAÑA	15.581.654	0,35	-0,69
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	84.491	0,30	0,01
LUGO	33.022	0,19	-1,48
OURENSE	23.276	0,17	-0,70
PONTEVEDRA	67.006	0,33	0,61
GALICIA	207.795	0,28	-0,12
ESPAÑA	3.277.500	0,47	0,77
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.804	4,72	-2,51
LUGO	1.444	-0,83	-4,41
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.906	1,56	-2,48
GALICIA	20.154	2,27	-2,63
ESPAÑA	60.673	2,93	-3,16

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 31 de marzo de 2021 en Galicia, había 34.759 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (de forza maior, non de forza maior ou dos RDL 30/2020, 35/2020 e a súa prórroga no RDL 2/2021), 130.279 menos fronte ao máximo notificado, rexistrado o 30 de abril de 2020 (-78,94%). No total de España, o número de afectados por un ERTE no último día de marzo é de 743.628, producíndose unha diminución de 2.643.157 respecto ao peche de abril do ano pasado (-78,04%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
CCAA	NOTIFICADOS A ÚLTIMO DÍA DE MARZO 2021	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL 2020	
		ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>743.628</b>	<b>-2.643.157</b>	<b>-78,04</b>
<b>Galicia</b>	<b>34.759</b>	<b>-130.279</b>	<b>-78,94</b>
Andalucía	98.242	-379.150	-79,42
Aragón	14.729	-72.257	-83,07
Asturias	14.344	-44.877	-75,78
Illes Balears	33.785	-107.829	-76,14
Canarias	86.826	-144.711	-62,50
Cantabria	6.739	-28.808	-81,04
Castilla La Mancha	14.757	-84.585	-85,15
Castilla y León	31.360	-114.145	-78,45
Cataluña	157.873	-520.811	-76,74
Comunitat Valenciana	81.892	-267.742	-76,58
Extremadura	6.963	-32.926	-82,54
Madrid	109.501	-456.806	-80,66
Murcia	11.510	-68.176	-85,56
Navarra	6.420	-43.337	-87,10
País Vasco	28.576	-124.296	-81,31
La Rioja	3.782	-17.836	-82,51
Ceuta e Melilla	1.570	-4.586	-74,50

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada dende máximos ten lugar en Pontevedra (-81,72%) con 50.482 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE. GALICIA E PROVINCIAS			
PROVINCIAS	NOTIFICADOS A ÚLTIMO DÍA DE MARZO 2021	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL 2020	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	16.031	-53.499	-76,94
LUGO	3.808	-12.174	-76,17
OURENSE	3.631	-14.124	-79,55
PONTEVEDRA	11.289	-50.482	-81,72
<b>GALICIA</b>	<b>34.759</b>	<b>-130.279</b>	<b>-78,94</b>

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>